

Historia mergullada de Cabrera.

Cabrera non é unha única illa, senón un arquipélago, situado ao sur de Mallorca e formado por dezanove diminutas illas. Como as outras, a illa de Cabrera é a prolongación da mallorquina serra de Levante.

Apenas ten 40 kilómetros de costa, na que se alternan escarpados cantís con praias areosas, calas de coios e enseadas.

A súa natureza calcárea fai que os procesos cársticos sexan os grandes modeladores do relevo costeiro da illa. Paredes rochosas salpicadas de covas, que o vento e a auga, e, sobre todo, o tempo, labran, como unha obra sempre inacabada. A infinda paciencia da auga fai e desfai formas na rocha, alí onde a luz e a calor do sol non chegan.

A illa ten estado despoboada nalgúns periodos, e noutros, habitada por uns poucos poboadores, pois os seus escasos recursos nunca permitiron a subsistencia de máis de medio cento de persoas.

Ao longo de toda a súa historia, Cabrera foi sempre un refuxio para os barcos perante os temporais, malia que a entrada no seu porto é perigosa cando sopra vento norte. É por iso que o oficio de pescador engade sempre, á inconstancia da fortuna, a incerteza do mar.

En Cabrera, os homes van á mar como foron os seus devanceiros. O trasmallo, como outros artes de pesca tradicionais, require mestría e destreza, precisión e sorte, rapidez e calma. As mans pasan das mallas á cana, para calar unhas redes que, a miúdo, non se enlean con aquilo que buscan, senón co que quedou doutros barcos, doutros homes que pasaron por esas augas.

Porque da forza do vento norte, que con frecuencia azouta a illa, son testemuña os pecios de todas as épocas que se atopan nos fondos próximos á costa e eses restos de historia en forma de ánfora que agora dan acubillo aos poboadores do mar.

Durante algún tempo o uso militar da illa foi a súa mellor protección fronte á cobiza, e, dende 1991, a declaración do Parque Nacional Marítimo e Terrestre do Arquipélago de Cabrera limita os usos tanto das illas como do mar.

Ese papel protector e vixilante desempeñouno antes Es Castell, construído no século XIV fronte ao porto para defender a illa de piratas berberiscos. Máis tarde foi cadea para franceses capturados na batalla de Bailén. E sempre, as súas torres teñen sido vixías atentas aos barcos que se achegaban recortados no horizonte contra a silueta da Illa d'es Conills.

Durante case un século, a illa foi propiedade dunha familia que se propuxo cultivar vides e construíu unha fermosa adega, Es Celler, hoxe convertida en museo que conta a historia de Cabrera, illa resistente, case inalterada, devolta ao silencio e ao son do mar e do vento.

O faro de N'Ensiola alumea dende hai tempo, no cabo de Llebeig, un lugar onde o Sol, ao solpor, tingue de vermello o mar e toda a historia de Cabrera, a resguardo das ambicións humanas.